

# A INFANCIA DE IVÁN

Andrei Tarkovsky, 1962

# 1779

ESTREA EN NUMAX: 01.07.2026 | V.O.S.E. | 95 min

Segunda Guerra Mundial (1939-1945) Frente Oriental. Iván, un neno ruso de 12 anos, cuxos pais morreron durante a invasión nazi, traballa espiando os alemáns.

«Unha das películas máis fermosas  
que teño visto»

Jean-Paul Sartre



## Entrevista con Andrei Tarkovsky: «Interésanme os personaxes que se desenvolven durante fortes crises morais»

Por Risto Mäenpää

**Cal é a responsabilidade do artista?** Un artista debe expresarse a si mesmo na súa vida real da mesma forma que expresa o seu traballo. Non debe facer unha cousa cunha man e outra coa outra. Hoxe en día parece normal que un artista leve unha dobre vida. Unha persoa fala e trata de presentar a súa propia visión da vida no seu traballo, pero logo compórtase dunha forma contraditoria na vida real. Iso paréceme un acto de hipocrisía. Teño a impresión de que este é o caso da maioría dos artistas modernos. Iso fai que o seu traballo sexa pouco honesto e mesmo perigoso.

**Vostede di que a arte do cinema é unha obriga moral para vostede, non unha profesión.** Cando digo que é unha obriga moral quero dicir que os profesionais que non teñen unha actitude moral ou unha perspectiva ética e estética non teñen dereito a chamarse a si mesmos artistas. E a cuestión non é tanto que eu ou outros creadores respectados intentemos diferenciarnos dos demais. O que non é posible é que se tente tirar proveito da condición de artistas para outros fins.

**Cal é a conexión entre as súas películas?** Non o sei. Vostede mesmo ten que atopar a conexión. Podería facer a pregunta doutro xeito: Cal é o meu principal interese para empezar a facer unha película? Nos meus filmes hai certas situacións que son repetitivas. Interésanme os personaxes baixo unha presión moral ou ética, que están a sufrir unha crise ou un momento de gran tensión. Esa persoa pode saír adiante sendo mellor ou pode sucumbir á presión. Ese é un elemento común nas miñas películas: *A infancia de Iván*, *Andrei Rublev*, *Solaris* ou *O espello*. Interésanme os personaxes que se desenvolven durante fortes crises morais. Axúdame a expresar dunha forma máis profunda, máis emocional, aspectos da historia.

**Podemos dicir que todos os seus filmes acaban de forma optimista.** Se a persoa non pode soportar a crise e se vén abaixo como resultado dela, a película non pode terminar cunha conclusión optimista. Non entendo que rol pode xogar o optimismo ou o pesimismo na arte, porque a arte é un medio de acadar a moral. Dá á xente a forza para abrir a súa alma ao ben do que debe estar rodeada. O ben non pode ser sinónimo de nada negativo. É imperativo que exista só nesta forma. Senón é así, non pode ser arte en absoluto. Todo o que se denomina arte reaccionaria, para min significa non-arte. Con arte refírome a un tipo de acción que se relaciona con algún tipo de esforzo moral cuxo obxectivo é a mellora espiritual do xénero humano.

**Ofrece algunha solución a eses dilemas ou limítase a mostralos?** Non o sei. É difícil para min dicir. Tento que se vexan as posibilidades morais do ser humano. Nun momento de crise estou interesado nalgún tipo de obxectivo interno, unha posición activa na vida. Doutro xeito non podoo imaxinar película algunha.

**Séntese satisfeito co logrado?** Nunca podes estar seguro de ter acadado os teus obxectivos por completo. Ademais é un traballo en equipo e nunca sabes o que conseguiches ti ou o que conseguiron outros. Esta dificultade reflíctese na opinión do espectador para quen o director representa algún tipo de segredo, unha figura misteriosa. Eu respecto moitísimo o espectador.

Publicado en [ddooss.org](http://ddooss.org)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Esculpir en el tiempo,*  
Andrei Tarkovsky.  
Rialp